

Como
melloramos a
relación entre
servizos sociais
e emprego?

VI FORO

de capacitación sobre POBREZA, EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRO SECTOR e VOLUNTARIADO

Creceamento inclusivo, emprego digno e loita contra a pobreza

DENDE CANDO TER
EMPREGO GARANTE
SAÍR DA POBREZA ?

#EmpregoPobreza

30 de
novembro
2016

Santiago
de Compostela
Facultade de
Económicas e
Empresariais USC

info@eapn-galicia.com · www.eapn.es · www.pobreza.gal

Organizan

Subvenciona

Colaboran



QUE ESTÁ FUNCIONANDO?

- Concienciación do problema por parte da Administración Pública.
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia: mellora dos procesos de coordinación e protocolos de actuación entre emprego e servizos sociais, porta aberta cara o obxectivo de “Maior Coordinación”
- Dende C.Emprego se contempla coordinación con servizos sociais:Ex. Garantía xuvenil.
- Contratacións a persoas perceptoras de RISGA e desempregados en exclusión social.
- Concienciación das problemáticas sociais non so a falta de emprego, pese a que dende servizos sociais as veces non se pode dar resposta.
- A administración promove emprego ás persoas con dificultades no acceso ao mesmo (subvencións contratación perceptores RISGA)
- Equipos do PGIS:exemplo de boa praxe en canto a coordinación.
- Existen axentes xeradores de emprego como: 3º sector, cooperativas, centros especiais de emprego.
- Rede profesional boa, aínda que non haxa unha clara división de competencias.

Organiza



Colabora



QUE NON ESTÁ FUNCIONANDO?

- Coordinación
- Os Tramos da transición emprego da RISGA están pendentes de desenvolvemento
- Non existen protocolos de coordinación entre inclusión e emprego.
- A Lei de inclusión fai referencias a coordinación aínda que non directamente entre servizos sociais e emprego.
- Hai demasiados elementos e xente traballando cos mesmas usuarias ofrecendo os mesmos servizos o que xera moito gasto público.
- Non existe un técnico de referencia.
- Hai que definir o que é unha persoa empregable e o que é unha persoa en risco de exclusión.
- Non existe unha adaptación adecuada ao posto de traballo nas convocatorias de inserción (exemplo a de contratación de perceptores de RISGA), nin posibilidades de continuidade.
- Existe falta de comunicación entre os profesionais.
- Falta de persoal en servizos sociais.
- Non existen protocolos entre os diferentes axentes sociais e laborais, so mera derivación de casos.
- Itinerarios personalizados de inserción con maior peso en acceso que en mantemento de emprego.

QUE NON ESTÁ FUNCIONANDO?

- Non hai persoa de referencia entre os técnicos do servizo galego de emprego con coñecementos en servizos sociais.
- Falta de información: cruce de datos, que a HSU chegue a cubrir esta falta de información.
- Orientadores laborais non teñen acceso a información do servizo galego de emprego.
- Problemática que xurde ao separar as consellerías de traballo e benestar en política social e emprego, economía e industria.
- A incompatibilidade de RISGA e traballo aínda que precario, o cal pode implicar non incentivar a procura de traballo.
- Atención especializada e medios as persoas estranxeiras en situación irregular sobrevida.
- Importe da beca aos universitarios dados de alta que estean a facer prácticas laborais.
- O importe das rendas sociais dos concellos como as RISGAS son precarios

Organiza



Colabora



COMO O MELLORAMOS?

- Máis acceso aos recursos de emprego as persoas en risco de exclusión social.
- Intercambios de profesionais entre áreas para favorecer o coñecemento e a comunicación entre as mesmas ou cursos temáticos.
- Implantación total da HSU- sistema de información única.
- Coordinación e comunicación entre: emprego, vivenda, terceiro sector,...
- Modificación da lei de inclusión para que sexa inclusiva: que a solicitude sexa compatible co traballo para que incentive a traballar.
- Non excluír as persoas que non dominen as novas tecnoloxías. Facilitar e axilizar o acceso a documentación noutras administracións públicas relacionadas con inclusión (exemplo cita con facenda, SEPEG,...)
- Facilitar o acceso a documentación as persoas sen medios económicos (poñer a disposición da cidadanía de teléfonos para chamar a ofertas de emprego, ordenadores, fotocopiadoras, como en Francia)
- Desenvolvemento da lei de inclusión de Galicia (10/2013)
- Establecer protocolos de coordinación.
- Que exista persoal de referencia (de emprego ou de servizos sociais segundo as necesidades das persoas)

COMO O MELLORAMOS?

- Favorecer a continuidade do persoal nos servizos de orientación laboral dos Concellos e incluílos na rede galega de emprego.
- Que se realicen reunións conxuntas de emprego e servizos sociais polas persoas atendidas en común.
- Estandarizar os tempos de espera de RISGA, que non sexa unha lotería social.
- Mellorar a información sobre os dereitos e deberes que se lle da as persoas perceptoras de RISGA.
- Traballar nas cláusulas sociais.
- Non finalizar a intervención social coa adquisición do emprego, pois debe de existir recursos de mantemento para evitar un fracaso.
- Ter mais en conta os quipos de inclusión para traballar na orientación laboral dos colectivos en risco de exclusión, estes equipos poderían desenvolver o tramo de inserción de emprego.
- Delimitar as competencias.
- Fomentar a coordinación entre servizos sociais comunitarios e Xunta para prestacións básicas.